

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 10 DE MAIO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día 10 de Maio de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Xosé Sotelo Barroso.- Concelleiros: Don Xosé Prieto Pérez, e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde accidental pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 4 de Maio corrente.

2.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o expediente que se tramita a instancia de Dona María Antonia Ruíz Alvarez, veciña de Cangas de Morrazo, con domicilio na rúa Avda. de Ourense, 59, 2º, sobre a obra de rehabilitación integral do seu inmovible sito nesta Vila de Ribadavia, na rúa Merelles Caula, nº 8, a Comisión de Goberno acorda pór no coñecemento da interesada, ós correspondentes efectos legais, o dictame do Sr. Aparellador Municipal no que se sinala que os planos do anexo ó proxecto presentado deben ser visados, e serán xustificados na correspondente memoria; cumprido que sexa isto acadarase o acordo correspondente.

Visto o escrito de Don Emilio Domínguez Fernández, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Progreso, 32, no que prega se lle informe do réxime urbanístico aplicable a un terreo da súa

propiedade sito nas inmediacións das vivendas "Muñoz Calero", a Comisión de Goberno, por unanimidade, presta a súa conformidade ó dictame técnico do Sr. Aparellador Municipal, que di o seguinte: "Calificación urbanística, Ordenanza 4.2, residencial aberta; espacio en ordenación aberta, constituido por edificación organizada en bloques separados, destinados principalmente a vivendas e usos complementarios, con espacios axardinados xunto á edificación; admítase vivenda agrupada en edificación illada ou vivenda illada, etc.; retranqueos mínimos, frontal, 5 metros; restantes 3 metros ou 1/4 da altura do inmovible; separación mínima entre edificios dunha mesma parcela, igual á altura do maior; aliñacións e rasantes, as do Planeamento; aliñacións que definen a parcela a viais: estrada do Carballiño, a liña establecida polo edificio colindante de baixo e dúas plantas; na estrada N-120, xuntando o extremo do edificio de baixo e dúas plantas e a liña de 28,50 metros do eixe desta estrada nacional; a altura máxima, vivenda colectiva de 5 plantas ou 17 metros de altura de cornisa; vivenda unifamiliar, dúas plantas ou 8 metros; outros usos, o que requira a actividade debidamente xustificada; a edificabilidade, 1,50 m²/m²".

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Cándido Sánchez Nieto, representante de Procapi S.A., veciño do Carballiño, con domicilio en Avda. Estación 45, no que prega licencia de primeira ocupación para un inmovible sito nesta Vila de Ribadavia con fachada ás rúas Carballiño, 32 e Veronza, a Comisión de Goberno acorda concede-la licencia de primeira ocupación para o inmovible de que se trata.

3.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Coñece a Comisión os seguintes:

Informe da Policía Local no que dá conta que o establecemento adicado a bar, de nome Uruguay, sito na rúa Muñoz Calero, deixou de pertencer a Dona Carmen Pérez Fernández, pasando ó titular da licencia, Dona Carmen Lorenzo Fernández, que é a que ten que responder sobre o aboamento dos impostos municipais inherentes a tal actividade. A Comisión de Goberno dáse por enterada, e que se notifique esta circunstancia a Dona Crmen Lorenzo Fernández, ós conseguintes efectos legais.

Tamén coñece a Comisión de Goberno un informe da Secretaría de

data 5 de Maio corrente sobre un escrito de Don José Luís Domínguez Vázquez, Dona Beatriz Rodríguez Padrón, Don Celso Alén Vidal, Don Vicente Domínguez Fernández, Don Guillermo López Míguez, Don José Solar Seoane e Dona Susana Fernández Gil, veciños desta Vila, con domicilio no barrio do Piñeiral. Pois ben, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda comunicar ós interesados que, segundo o devandito informe, baseado nos antecedentes de feito e dereito que se atopan no Concello, o camiño a que se fai referencia no escrito dos señores sinalados ten a condición de privado; daquela, calquera actuación que se leve a cabo sobre o mesmo terá que ser deducida polos que acrediten se-los seus propietarios perante a xurisdicción ordinaria; sempre queda aberto o trámite de, se así lles interesa, poidan cede-lo tal camiño ó Concello, previa tramitación correspondente.

Real Decreto 429/1993, do 26 de Marzo, que aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de reponsabilidade patrimonial.

Circular do Goberno Civil, sobre a celebración de sesións ordinarias dos Plenos dos Concellos.

Da Delegación Provincial de Economía e Facenda de Ourense, sobre normas sobre o Imposto de Actividades Económicas.

Da Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social, sobre instrucións para a cotización dos funcionarios do Concello que estaban mergullados na MUNPAL.

Da mesma Delegación Provincial de Economía e Facenda de Ourense, sobre participación nos ingresos de Telefónica de España S.A..

Visto o escrito da Deputación Provincial de Ourense, do Departamento de Cultura, que fai referencia á celebración das X XORNADAS DO FOLCLORE 93, a Comisión de Goberno acorda comunicar que sinala como día preferente de actuación neste Concello o vindeiro 13 de Agosto, propoñendo como datas alternarivas os días 12 e 14 do mesmo mes.

4.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión de Goberno acorda conceder unhas axudas para viaxes

culturais, na mesma contía que no curso pasado, ós Colexios Públicos de E.X.B., Instituto de B.U.P e Instituto de Formación Profesional.

Tamén a Comisión de Goberno acorda conceder unha axuda, a conta do que se poida determinar no seu día, cando se aprobe o Orzamento Xeral de 1993, por importe de 100.000 pesetas a cada un dos Clubes de Fútbol Ribadavia F.C. e Francelos F.C..

A Comisión de Goberno presta aprobación ó Padrón do servizo de auga do primeiro bimestre de 1993, por importe de 2.745.489 pesetas.

Tamén presta aprobación ás correspondentes facturas presentadas polos Arquitectos Don Xosé Xabier Suances Pereiro e Don Manuel Vecoña Pérez, pola confección do proxecto da obra de Reforma da Praza de Abastos de Ribadavia, segunda fase, cun importe cada unha de 1.426.937 pesetas.

En relación con esta factura de honorarios facultativos o Sr. Secretario-Interventor accidental presenta perante a Comisión de Goberno un informe, asinado tamén polo Sr. Tesoureiro, no que se fai consta-lo seguinte: "que segundo temos coñecemento as obras de Reforma do Mercado de Abastos de Ribadavia, segunda fase, xa foron recibidas provisoriamente polos técnicos da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia que era o Organismo público cofinanciador do proxecto que aínda non tiña emitida a Acta de recepción da obra. Correspóndelle ó Sr. Alcalde-Presidente, a teor do establecido no artigo 61 do Real Decreto 500/1990, da-la orde de aboamento en base ás obrigas recoñecidas e liquidadas. No plano de disposición de fondos que estableza deberán recollerse a totalidade de obrigas recoñecidas ata agora pola realización dos traballos, alomenos na parte proporcional do financiamento recibido".- A Comisión de Goberno dáse por enterada do contido deste informe e mesmo subliña que as ordes de aboamento serán realizadas unha vez feitas as comprobacións pertinentes e que sexan axustadas de acordo cos contratos establecidos.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as oito e media do serán o Sr. Alcalde accidental ergueu a sesión estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-